

---

## I XORNADAS DA SOCIEDADE ESPAÑOLA PARA O ESTUDO DO PATRIMONIO HISTÓRICO-EDUCATIVO

---

### O museísmo pedagóxico en España: actualidade e perspectivas, luces e sombras

Do 11 ao 13 de maio do 2005 tiveron lugar na sede do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA) as *I Jornadas de la Sociedad Española para el Estudio del Patrimonio Histórico-Educativo*. Nelas analizouse e debateuse o tema “O Museísmo Pedagóxico en España: actualidade e perspectivas, luces e sombras”.

Coa organización destas *I Jornadas* por parte do MUPEGA aspirábase a dar cumprimento ás finalidades que persegue a SEPHE, asociación fundada o 13 de xuño de 2003 e que foi aprobada polo Ministerio do Interior o 3 de xuño de 2004, quedando desde esta data inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións. Ditas finalidades, recollidas no punto 5º do seu Regulamento, aparecen condensadas nos seguintes puntos:

1. Protección e conservación do patrimonio histórico-educativo.
2. Estudo e investigación do patrimonio histórico-educativo.
3. Promoción, estímulo, apoio e difusión das accións relacionadas coas fins anteriormente enunciadas.

A elección do MUPEGA como sede do evento debeuse primordialmente ao seu carácter referencial para a xénese e o impulso doutras experiencias museolóxicas semellantes, especializadas en materia educativa, en distintos espazos xeográ-

ficos e en diferentes contextos académicos e institucionais do territorio español.

---

### OBXECTIVOS

---

De maneira máis específica, coa realización destas *I Jornadas* promovidas pola SEPHE e patrocinadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pretendíase a consecución, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- a) Intercambiar coñecementos acerca do labor que veñen realizando os centros especializados en museoloxía da educación, espallados pola xeografía española.
- b) Difundir os proxectos e iniciativas que se están xestando no ámbito da museoloxía pedagóxica no noso país.
- c) Reflexionar e debater en torno ás experiencias de recuperación e posta en valor dos acervos materiais e inmateriais concorrentes no dominio educativo.
- d) Examinar o panorama español da museoloxía da educación na actualidade, os seus antecedentes próximos e a súa prospectiva.
- e) Estudar as potencialidades que ofrecen os museos e as coleccións de carácter educativo nas esferas expositiva, investigadora, formativa e do desenvolvemento cultural comunitario.
- f) Coñecer e percorrer de forma presencial diversos enclaves académicos, culturais e patrimoniais de interese para os especialistas e estudosos da museoloxía da educación.

---

### ACTIVIDADES

---

As sesións científicas deron comezo na tarde do 11 de maio, trala inauguración ofi-

cial das Xornadas por parte do Secretario Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en representación do Conselleiro do mesmo Departamento. A continuación os participantes tiveron a oportunidade de asistir á proxección do vídeo estreado con motivo da apertura do MUPEGA e que leva por título *O ensino: unha viaxe no tempo*. De seguido, o coordinador científico do MUPEGA, Dr. Vicente Peña Saavedra, pronunciou a conferencia inaugural, que versou sobre o tema “O Museo Pedagóxico de Galicia: un proxecto feito realidade”, ditándoa a medida que ía facendo unha visita guiada para os concorrentes polo novo establecemento. As actividades dese día remataron cunha reunión da Xunta Directiva da SEPHE, na que se debateron algunhas propostas e se adoptaron algúns acordos que logo foron ratificados polos asistentes e incorporadas ás conclusións xerais que se aprobaron como peche da actividade congresual.

Nos dous días seguintes, as sesións de traballo xiraron en torno a tres enunciados que aparecían formulados no programa nos seguintes termos, atendendo ao estado que presenta a museoloxía da educación en España na actualidade:

1. Centros museográficos en activo en España. Experiencias e proxectos.
2. Iniciativas museísticas en proceso de xestación en España.
3. Outras experiencias de recuperación e posta en valor do patrimonio educativo e da infancia.

Ademais das sesións científicas, onde se expuxeron un total de 13 relatorios e se mantiveron amplos debates arredor dos mesmos, os asistentes realizaron unha visita guiada ao patrimonio histórico-artístico da Universidade de Santiago de

Compostela e ás instalacións da futura Cidade da Cultura de Galicia, en Monte Gaias. Ámbalas dúas entidades anfitroas figuraban como colaboradoras do evento.

No acto de clausura estivo presente o Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen lles dirixiu unhas breves palabras aos concorrentes, expresando o seu desexo de que o MUPEGA puidese servir de modelo para a implantación de contado de Museos Pedagóxicos noutras Comunidades Autónomas.

---

## CONCLUSIÓN

---

Ao cabo de tres días de presentación de iniciativas e de sostemento de interesantes coloquios, nos que houbo unha fluída e crecente participación de cantos asistiron a estas Xornadas científicas, quedaron aprobadas por unanimidade as conclusións que de seguido se detallan:

1. O panorama do museísmo da educación en España actualmente é prometedor, se ben require un maior compromiso e unha meirande participación das administracións públicas e dos organismos privados para que os centros en activo e as iniciativas en fase de desenvolvemento cheguen a consolidarse oportunamente, tanto na súa vertente física como virtual.

2. O *Museo Pedagóxico de Galicia* (MUPEGA) constitúe un referente idóneo para a posta en marcha doutras iniciativas análogas, aínda que con identidade propia, nas diferentes Comunidades Autónomas de España, que poidan contar co patrocinio institucional das respectivas Administracións territoriais e a cooperación directa na esfera científica das Universidades con presenza en cada área xeográfica.

3. Mentres no sexa posible a fundación de novos museos, haberá que proceder desde os centros académicos dos diferentes niveis do sistema educativo, e mesmo desde outras instancias alleas ao ámbito da educación regulada, a evitar a perda, a destrución ou o extravío dun conxunto de útiles e testemuños que forman parte da historia material e ideacional da educación e, en particular, da cultura da escola e da xenealoxía da infancia, os cales no futuro poderán conformar o acervo patrimonial dos espazos museolóxicos emerxentes.

4. O horizonte alentador que parece debuxarse para a museoloxía da educación, non debe cegarnos como falso espellismo perante as numerosas carencias e o encomiable voluntarismo con que moitas iniciativas deste ámbito se están desenvolvendo nos momentos actuais. Estas son as sombras que en medio das luces escurecen parcialmente unha paisaxe que debe resplandecer sen dilación de forma meridiana. Do contrario estaremos asistindo con certa desidia á perda dun *corpus* cultural que lle confire á sociedade na que se obxectiva unha pegada identitaria propia e xenuína.

5. Faise necesario dar continuidade a estas *Primeiras Xornadas* coa celebración de futuros encontros periódicos que contribúan a cohesionar aos profesionais e estudosos da museoloxía da educación e da infancia, e posibiliten o intercambio de coñecementos entre eles acerca das temáticas e problemas de interese común. Suxírese que as Xornadas teñan no sucesivo unha periodicidade bienal. A segunda edición das mesmas fixarase na asemblea xeral que a SEPHE celebrará o próximo mes de decembro.

6. Considérase indispensable fortalecer e afianzar a *Sociedad Española para el Estudio del Patrimonio Histórico-Educativo* por medio da captación de novos socios a

título individual e institucional que enriquezan coas súas ideas esta nova entidade e promovan a difusión da museoloxía pedagóxica por todo o ámbito territorial que a mesma abrangue. Deste xeito será factible, ademais, acadar a indispensable difusión e proxección social do labor que de forma illada se vén realizando. A consecución destas metas requirirá recadar os apoios externos precisos e recorrer ao soporte das novas tecnoloxías da información e da comunicación polas cuantiosas potencialidades que ofrecen.

7. Os museos pedagóxicos ou da educación constitúen axencias fundamentais para a recuperación e posta en valor do patrimonio histórico-educativo e, ao mesmo tempo, entidades de primeira orde no proceso de desenvolvemento socio-cultural comunitario.

Estímase de grande importancia facer partícipes das accións promovidas desde os museos e as coleccións especializadas en materia educativa, que se encontran abertas ao público, á comunidade escolar, en particular, e á sociedade, en xeral, tratando de que ámbalas dúas tomen conciencia do labor que estas entidades realizan en canto á recuperación, posta en valor e explotación intelectual dos seus acervos materiais e inmateriais, con fins investigadores, formativos, expositivos e deleitables, contribuíndo deste modo ao desenvolvemento sociocultural comunitario do contorno onde se asentán.

Así é ratificado por todos os asistentes ás *I Jornadas de la Sociedad Española para el Estudio del Patrimonio Histórico-Educativo*, en Santiago de Compostela a trece de maio de dous mil cinco.

Vicente PEÑA SAAVEDRA

Coordinador Científico do MUPEGA

Profesor da USC

## NOTAS DE ACTUALIDADE

A conmemoración na Universidade de Santiago dos *100 anos da creación*, por primeira vez en España, *dunha cátedra Universitaria de Pedagogía* (na Universidade de Madrid en 1904), foi motivo de revisión do estado das Ciencias da Educación. Unha revisión articulada no ciclo “Cen anos de Pedagogía. Pasado, presente e futuro das Ciencias da Educación”, no que interviñeron Uxío Otero Urtaza, Antonio Viñao Frago, Gonzalo Vázquez Gómez, José Ortega, Rodríguez Diéguez, Santos Guerra, Rodríguez Espinar e Javier Tejedor. A través de relatorios de síntese foron analizados os diversos campos académicos, baixo a coordinación do profesor Felipe Trillo Alonso, Decano da Facultade de Ciencias da Educación. A edición posterior desta documentación pode verse en: TRILLO, F. (ed.), *Las Ciencias de la Educación del Ayer al Mañana*, Santiago, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, 2005.

O *Museo Pedagógico de Galicia* (MUPEGA) seguiu coas súas actividades museísticas, documentais e de difusión editorial. Nas súas instalacións acolléronse igualmente actividades académicas, sociais e científicas de indudable interese. Entre as publicacións hai que sinalar a nova edición do calendario de mesa (2006), que é sempre unha fonte de suxerencias e unha pequena casa para imaxes, textos e referencias sobre a escola en Galicia; a edición do Libro que garda a memoria documental da creación e inauguración do MUPEGA (2004), nunha cuidadosa edición; a edición en DVD e CD. *Jornadas Científicas de la Sociedad Española para el Estudio del Patrimonio Histórico-Educativo. Actas, Documentos y Testimonios* (PEÑA SAAVEDRA, V., dir.),

que incorpora en arquivo de audio as intervencións realizadas por un variado número de profesores de toda España participantes nestas Xornadas Científicas celebradas no propio MUPEGA; e tamén este Museo se puido sumar á conmemoración do Quixote ao descubrirse un novo e ata o de agora descoñecido *Quijote* escolar, que fóra editado en Sarria en 1945 (ou 1947). Considerou o MUPEGA que sería oportuno facer unha edición facsimilar, acompañada dun estudo introductorio: SACO, J.V., *Miguel de Cervantes Saavedra. Primer manuscrito extractado de El Quijote* (edición facsimilar e estudo introductorio de V. Peña Saavedra; MUPEGA/Xunta de Galicia, Santiago, 2005, LXXI+121 pp). Foi o profesor de escola primaria de Sarria, Jesús Vázquez Gallego, quen emprendeu a edición deste “primeiro manuscrito” para nenos, composto por dezaseis extractos ou capítulos abreviados ou refundidos dos textos cervantinos mantendo, polo xeral o fío argumental do orixinal. Preséntase esta edición manuscrita cosida en espiral de aramio, como na edición orixinal, cun total de 121 páxinas e 23 ilustracións, e cun coitado estudo introductorio.

As instalacións acolleron igualmente a homenaxe realizada polo Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega no mes de febreiro do 2006 ao profesorado republicano morto arredor de 1936, un antecedente do gran acto colectivo e institucionalmente respaldado pola Xunta de Galicia de homenaxe a tal profesorado, celebrado o 21 de xuño do 2006, coa presenza, entre outros, dos mestres Avelino Pousa Antelo e Herminio Barreiro Calvete, de 92 e 96 anos respectivamente, e co visionado do film *La Escuela Fusilada*.

O MUPEGA lanzou, por fín, na primavera de 2006 a iniciativa dun Congreso

Iberoamericano de Museismo Pedagógico a celebrar en Santiago no 2008, que está gozando dunha notable acollida.

*Da educación republicana a escola franquista.* Dentro dos actos conmemorativos do oficialmente nominado como *Ano da Memoria Histórica* en relación co tempo da República e co inicio do franquismo están a ter lugar diversos actos na xeografía galega centrados, en particular, nas cuestións educativas.

Unha Comisión organizadora composta polos profesores Víctor Santidrán, Manolo Dios Diz e Antón Costa Rico, entre outros, e no nome dun amplo conxunto de organizacións socio-profesionais, procedeu a celebrar un acto en Santiago de Compostela en recordo e homenaxe ao profesorado vitimado. De aí derivaron outros actos celebrados en Vigo, Pontevedra, A Coruña e Ferrol, que se suman a outras iniciativas emprendidas en lugares como Boiro, Fene ou Valdoviño. Se en Santiago se puido ver a película *La escuela fusilada*, logo tomou o relevo a de Xan Pérez Leira, titulada *Crónicas de pizarra e xiz*, feita arredor da mesma conmemoración.

*Está convocado o XIV Coloquio Español de Historia da Educación* que se celebrará no próximo mes de xuño do 2007 na localidade de Guadalupe (Badajoz), arredor da temática *“Relaciones internacionales de la historia de la educación. Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (1907-2007)”*, tomando en consideración o papel renovador e internacionalizador da educación en España xogado pola “Junta de Ampliación de Estudios”, organismo do que se conmemoran os 100 anos.

A Sociedade Española (SEDHE) ven editando en colaboración coa Editorial

Biblioteca Nueva de Madrid, baixo a coordinación do profesor Escolano Benito, a colección “Clásicos de la Educación”, que conta neste momento con 10 volumes editados. En colaboración co Ministerio de Educación vanse editar próximamente 13 obras baixo o epígrafe “Los pensionados de la JAE y su contexto pedagógico”, como contribución conmemorativa ao Centenario de creación da JAE.

A SEDHE ven de organizar, en setembro deste mesmo ano en Sevilla, e en colaboración coa Sección de Historia da Sociedade Portuguesa de Ciências da Educação, o *VI Encontro Hispano-Portugués* de Historia da Educación, con relatorios e comunicacións relacionadas co estudo da literatura como fonte na investigación histórico-educativa e coa presenza da educación na literatura.

A Universidade de Hamburgo en Alemaña acollerá a fins de xullo/2007 a celebración da *ISCHE 29* (29th Session of the International Standing Conference for the History of Education), coa temática “Children and Youth at Risk. Approaches in the History of Education”. [www.erzwiss.uni-hamburg.de/ische29/index.html](http://www.erzwiss.uni-hamburg.de/ische29/index.html).

Unha maior información sobre as diversas sociedades científicas de historia da educación e as súas actividades poderase obter a través da consulta da Paxina Web da SEDHE: [www.sc.ehu.es/sfwsedhe/](http://www.sc.ehu.es/sfwsedhe/)

A.C.R.

---

## NOTAS DE LECTURA

---

*EGU (Enciclopedia Galega Universal)*, Ir Indo Edicións, Vigo. 16 Vol.

Un dos maiores esforzos editoriais emprendidos desde a cultura galega chegou exitosamente a súa coroación.

Referímonos á culminación da edición da obra *Enciclopedia Galega Universal*, con 16 tomos e un importante equipo de redacción. Un logro de Edicións Ir Indo e do seu director Bieito Ledo. É de salientar o importante número de entradas relacionadas coa educación e coa pedagogía, e, en particular, coa Historia da Educación, tanto a escala internacional, como a escala galega. A este proxecto vinculáronse os profesores Anxo Porto Ucha, José L. Iglesias Salvado e Antón Costa Rico, entre algúns outros profesores.

VIEITES, M. F., *Creación dramática, Educación Popular e Construcción Nacional. Galicia (1882-1936)*, Editorial Tris-Tram, Lugo, 2006, 370 pp.

A presente contribución, que nunha redacción algo máis extensa formou parte anteriormente dunha tese de doutoramento na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, preséntase como un traballo de investigación histórica no que se procura explorar as interaccións entre os textos dramáticos construídos en clave galeguista, a educación popular e a construción nacional en Galicia, entre os finais do século XIX e 1936. Componse un lúcido ensaio histórico de interpretación dos textos dramáticos editados e ás veces tamén da súa posta en escea, en relación cos que podían ser considerados problemas maiores de orde política e social na Galicia da época: o caciquismo, a emigración, os conflitos lingüísticos, o estado mesmo da educación, e outras problemáticas sociais, poñendo particular atención a como a creación dramática quería ser un instrumento ou mediación de loita ideolóxica e de contribución á educación popular.

RIVERA VÁZQUEZ, *El sorprendente Colegio de Monterrei*, Madrid, 2006, 145 pp.

O Padre Evaristo Rivera, o grande historiador da presenza educadora dos xesuítas na Galicia do Antigo Réxime, entre os mediados do século XVI e o momento da súa expulsión (1767), ofrece aquí unha nova contribución. Cun sabio dominio da erudición, agochada nunha escrita case de reportaxe periodístico, tivo D. Evaristo a amabilidade de escribir de novo a “sorprendente historia do Colexio Xesuíta de Monterrei”, actualmente destragado e presentes as súas pedras nas beirasrúas, casas e no solado da igrexa central de Verín. Pero o Colexio, sito no outeiro de Monterrei, para o que mesmo se matinou a súa conversión en Colexio-Universidade, foi un dos ilustres da Orde Xesuítas, e tamén un dos grandes en canto a modalidades de estudo, cursos e alumnado matriculado; un alumnado que en tempo de máis de 200 anos ten oscilado entre os 200 e os máis de 1000. Por motivo de cumprirse os 450 anos da súa creación e formando parte de tal conmemoración eis hoxe aquí esta pequena monografía. Un galano.

MALHEIRO GUTIERREZ, X. M., *Os lalinenses en América. Proxectos educativos e organización escolar*, Colección Deza, Concello de Lalín, 2005, 170 pp., e *Herdanza da emigración ultramarina. Catálogo fotográfico da arquitectura escolar indiana na provincia de Pontevedra*, Servicio de Publicacións da Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 2005, 230 pp.

Xosé M. Malheiro Gutiérrez, quen ven centrando a súa preocupación investigadora na contribución dos emigrantes “americanos” ao desenvolvemento educativo en Galicia, ofrece nestas dúas monografías, senllas mostras acaídas de tal preocupación.

No primeiro caso, a súa análise céntrase na intervención escolar nas terras de Deza e Trasdeza, que son o cerne xeográ-

fico do país. Unha intervención realizada por catro sociedades que tiñan presente un proxecto de rexeneración social, o que as levou, en parte, a promover desde o laicismo escolar ata as interconexións co movemento agrario e redentorista. Esta monografía presenta unha singular recuperación gráfica e nos anexos unha notable recuperación documental, sen dúbida, valiosas.

No segundo caso estamos diante dun cuidadoso catálogo fotográfico, que é bastante máis que iso. É un catálogo que nos permite ir vendo comarca a comarca da provincia de Pontevedra o que foron as escolas e centros de instrucción creados tanto polos indianos, como polas sociedades de instrucción, con fotografías sempre acompañadas dunha básica e suficiente información escrita en cada caso. Inclúense, asemade, textos escolleitos escritos nos medios de prensa da emigración referidos ao valor da educación e á importancia das escolas. E hai tamén unha posta ao día referida ás fontes e bibliografía de máis interese.

PARDO BAZÁN, E., *La Educación del hombre y la de la mujer*, Sotelo Blanco, Santiago, 2006.

A Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia ven de re-editar en colaboración con Sotelo Blanco, un corto máis significativo ensaio sobre a educación das mulleres, que Dona Emilia Pardo Bazán presentou como conferencia no Congreso Pedagóxico celebrado en Madrid en 1892. O texto foi logo impreso no contexto das Actas de aquel Congreso, estando actualmente, sen embargo, en circunstancias de reducido coñecemento social e académico. Agora recuperouse nunha edición que incorpora outros textos literarios da autora, precedidos por un texto introductorio elaborado con mestría por Marina Mayoral

(pp. 13-80), no que se dan cumpridas referencias bio-bibliográficas e relativa ás edicións das obras de Pardo Bazán.

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA, *30 anos de sindicalismo nacionalista no ensino*, Comercial Gráfica Nós, Vigo, 2004, e FETE-UGT DE GALICIA, *1980-2005. Crónica de 25 anos*, Fundación Luís Tilve, Santiago, 2005.

A conmemoración recente de varias décadas de traballo sindical no ensino, nun caso, por parte da CIG-Enseño, e no outro, por parte da FETE de Galicia, foron ocasión para a elaboración e edición de dous respectivos informes do traballo e da acción sindical desenvolvida desde finais dos anos setenta, de tal modo que ambas edicións veñen converterse en instrumentos de traballo e materiais precisos para a análise do acontecer educativo neste período á luz destas dúas perspectivas de organización dos profesores en Galicia, cousa que é de agradecer e que é preciso anotar.

VILAR PONTE, R., *Nicomedes Pastor Díaz, unha existencia exemplar*; edición de X. Blanco Echaurí *et alii*, Fundación Caixa Galicia, Lugo, 2006.

Non debiera pasar desapercibida esta recuperación crítica dun texto elaborado hai máis de 50 anos por Ramón Villar Ponte e relativo á figura do recoñecido Nicomedes Pastor Díaz. Nicomedes Pastor, un dos grandes escritores do romanticismo español, saído do solar viveiros e do Colexio de Humanidades da Cidade, sería logo en Madrid unha prestixiosa personalidade literaria, pero tamén política. En calidade de tal foi partícipe da construción primeira do sistema educativo liberal, abordada desde os últimos anos trinta do século XIX, chegando mesmo,

ben que por tempo moi breve, a ser o Ministro responsable dos asuntos educativos xusto nos mediados do século XIX.

COMAS RUBÍ, F., MOTILLA SALAS, X. (Coords.), *Historia / Històries de la lectura. Actes de les XXIV Jornades d'Estudis Histories Locals / XVII Jornades d'Història de l'Educació dels Països de la Llengua Catalana*, Institut d'Estudis Balearics, Palma de Mallorca, 2005, 493 pp.

A activa "Societat d'Historia de l'Educació dels Països de Llengua Catalana", que ten como presidente ao profesor Salomó Marqués, celebrou en 2005 as súas XVII Xornadas de Historia da Educación, un acontecemento que nesta edición atendeu a examinar os múltiples aspectos que concita a lectura na infancia e no tempo escolar.

Aspectos como o ensino e a aprendizaxe da lectura en diversas institucións, a alfabetización dos emigrantes, o ensino en catalán, o fomento da lectura como mediación de educación social, o lugar das Bibliotecas populares, a imaxe das mulleres nos libros decimonómicos de lectura, o tratamento de xénero na literatura infantil e xuvenil catalana (un texto moi elaborado, que atende ao período 1939-1985), as políticas de fomento da lectura, os modos de ler, o papel da prensa obreira na difusión da lectura, as ciencias da natureza nos libros de lectura, ou o aproveitamento didáctico dos contos, entre algúns outros, nun total de 40 achegas, conforman o material destas Actas, case sempre ligado como é natural ao espazo lingüístico catalán, aínda que tamén se inclúen valiosos textos elaborados desde outras procedencias peninsulares.

BASSA Y MARTÍN, R. (Comp.), *Lectura i escola. Els llibres escolars de lectura dels*

*mestres padrins. Una mostra antoloxica 1900-1950*, Institut d'Estudis Balearics, Palma de Mallorca, 2005.

Acompañando á celebración das XVII "Jornades d'Història de l'Educació", estivo aberta ao público maiorquino unha fermosa exposición e mostra antoloxica dos libros de lectura editados nos països de lingua catalana entre 1900 e 1950, tanto en castelán, como en catalán. Unha edición en formato apaisado, que recorda ás vellas libretas escolares, recolle agora o seu contido. Cun deseño moi cuidadoso e con reproducións gráficas de extrema calidade se presenta esta edición. Libros de lectura, textos de materias, e enciclopedias. Ramón Bassa, Antoni Colom, Bernat Sureda, Francisca Comas e Xavier Matilla, achéganse con medidos ensaios aos libros escolares de lectura, aos creadores maiorquinos de libros escolares (Porcel i Riera, ...) e á renovación educativa ofrecéndonos igualmente unha selecta bibliografía temática e unha pertinente cronoloxía da edición de libros escolares de lectura.

GÓMEZ GARCÍA, M<sup>a</sup>. N., CORTS GINER, M<sup>a</sup> (Dirs.), *Historia de la Educación en Andalucía. Primeras Jornadas*, Fundación El Monte, Sevilla, 2005, 320+344 pp.

Andalucía hai tempo que ven dando mostras de preocupación polo estudo do seu pasado educativo. Ao respecto, podemos sinalar como granada mostra a obra colectiva dirixida por M<sup>e</sup> Nieves Gómez García *Ciudad y Saber. Sevilla en la Historia de la Educación* (Gihus/Kronos, Sevilla, 2002), onde, como obra colectiva, se presentan facetas da Universidade de Sevilla (1900-1923, e 1929-1950), e do Instituto de Segundo Ensino Oficial (1845-1868), xunto a eruditas calas en relación co saber das mulleres, co teatro escolar de



postguerra e con retratos da infancia sevillana a principios do século XX.

Agora, e como consecuencia destas primeiras Xornadas Andaluzas, editáanse os máis de 50 textos presentados polos participantes, a modo de relatorios nalgúns casos e case sempre como comunicacións, articulándose o conxunto en catro seccións de amplo espectro temporal: as institucións educativas na historia de Andalucía (19 textos), a investigación histórico-educativa, o pensamento pedagóxico na historia de Andalucía e as mulleres e a educación.

Un variado panorama de estudos que, a pesar da desigual feitura, conforman un adecuado punto de referencia en pro do coñecemento histórico-educativo en Andalucía.

ESCOLANO BENITO, A. (ed.), *Currículum editado y Sociedad de Conocimiento. Texto, multimedialidad y cultura de la escuela*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2006, 358 pp.

Un selecto elenco de profesores de diversas universidades hispanas (e de Francia e Italia en senllos casos) se dan cita nesta obra abordando desde distintos, pero complementarios, puntos de vista e escenarios, importantes aspectos referidos á cultura escolar e, en particular, aos libros de texto, en circunstancias nas que a “sociedade do coñecemento” impón unha serie de revisión dos tradicionais e impresos manuais escolares. Os manuais, que conteñen os *currícula* editados, convertéronse nunha fonte esencial para a historiografía da escola, desde os enfoques etnográficos e hermenéuticos. O libro escolar cabe consideralo como *Magister*, isto é, unha mediación que ensina e educa non só aos alumnos senón tamén aos profesores e

demais usuarios. Ademais dos textos de A. Escolano, señalamos algunhas das contribucións: sobre as consecuencias da sociedade do coñecemento, reflexionan Antoni Colom e Antonio Castillo; sobre a multimedialidade e as novas linguaxes, faino a profesora italiana Anita Gramigna; Antonio Viñao ofrécenos curiosos datos sobre as orixes históricas dos primeiros libros de texto europeos; sobre os manuais escolares escribe J. L. Guereña; Raimundo Cuesta, membro de Fedicaria, reflexiona sobre saber e poder a través dos libros de texto; e sobre os usos dos manuais e a cultura docente, fannos M<sup>a</sup> Nieves Gómez, Cristina Yanes e Clara Revuelta.

ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, V., *La escuela del paternalismo industrial asturiano, 1880-1936*, E. Trea, Gijón, 2006, 345 pp.

Como escribiu Aida Terrón, prologuista deste texto, o presente estudo é unha suxerente análise sobre o modelo de intervención educativa que promove a importantísima patronal mineira asturiana nas primeiras décadas do século XX nas poboacións que conformaban a cuenca mineira, examinando a funcionalidade que tal empresariado lle outorgou a un ensino que foi impartido por distintas ordes e congregacións relixiosas, expresamente contratadas como as educadoras máis idóneas dos fillos dos seus traballadores.

Violeta Álvarez examina todo o alcance social da rede escolar creada, os rasgos pedagóxicos que son expresión da experiencia previamente acadada por este ensino relixioso congregacionista, e tamén o desprezo da súa influencia moralizadora, a través de sistemáticas intervencións no tempo “non escolar” da infancia e de “non traballo” dos adultos. Realiza, así, un estudo da dobre dimensión –formal e non formal– da intervención educativa, dos seus

modos, manifestacións e incidencia, e da súa fundamentación ideolóxica e práctica –como sinala a mesma Aida Terrón-, que ten o seu sustento en novas perspectivas historiográficas e sociolóxicas post-estructuralistas e aínda nas construcións conceptuais derivadas da análise do discurso.

A autora fala así da “escola do paternalismo industrial” e da funcionalidade disciplinante, moralizadora e profundamente ideolóxica conservadora de tal intervención escolar. Sen dúbida, unha vigorosa investigación.

ESCAMILLA, A., LAGARES, A.R., GARCÍA FRAILE, A., *La LOE: Perspectiva pedagóxica e histórica. Glosario de términos esenciales*, Graó, Barcelona, 2006, 152 pp.

Unha sintética monografía situada entre a política educativa actual e a historia. É clarificadora con respecto a actual LOE: ordenación, alcance, obxectivos, implicacións, eixes de preocupación e significado dos conceptos centrais que a articulan (un total de 35 seleccionados). Ten a virtude de situar a presente ordenación nun escenario de modificacións históricas, ao facer un sintético percorrido pola Lei Moyano, a LXE (1970), a LOGSE e a LOCE. Unha información básica ben planteada.

PINTASSILGO, J., CEZAR DE FREITAS, M., MOGARRO, M<sup>a</sup> J., e CHAGAS DE CARBALHO, M.M., *História da Escola en Portugal e no Brasil. Circulação e apropriação de modelos culturais*, Edições Colibrí, Lisboa, 2006, 429 pp.

Dase conta aquí dos traballos de investigación realizados por un amplo equipo de profesores brasileiros e portugueses na procura e indagación da posible circulación e apropiación de modelos culturais en relación co ensino e cos dous países tan fortemente entrelazados, coa finalidade de com-

prender como se desenvolveron en ambos casos os procesos concomitantes de construción dun modelo escolar de educación e de afirmación da cultura escolar, en aspectos fundamentais do modelo escolar.

Unha investigación que se realiza no contexto temporal dunha ampla delimitación, entre os fins do XVIII e os mediados do século XX, para a mellor captación do proceso xenealóxico de construción dese modelo escolar. Todo iso no amplo marco cultural e social de construción política do Estado-Nación e da “civilización dos costumes”.

Os modelos culturais e as formas de apropiación por parte dos diversos actores sociais implicados, no dobre plano teórico-práctico, son pois os motivos centrais de análise e de interpretación. A través de dezaseis contributos: a secularización e laicidade ante a educación, a “cultura mental dos analfabetos”, a circulación de ideas pedagóxicas, a pedagogía científica e a alquimia do maxisterio, os libros e revistas para profesores, os manuais de pedagogía situados entre a tradición e a innovación, as bibliotecas particulares e os saberes pedagóxicos, a imprensa operaria e a formación da clase traballadora, ou as prácticas e os discursos da inspección, configuran o fundamental da atención desenvolvida neste valioso proxecto investigador, que agora se difunde.

A.C.R

---

**COSTA RICO, A: Historia da educación e da cultura en Galicia (Séculos IV-XX). Permanencias e cambios no contexto cultural e educativo europeo, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2004, 1245 pp.**

---

Cando promediaba a década de 1970, Antón Costa Rico estaba iniciándose na

investigación da historia da educación en Galicia. Facíao con entusiasmo e con conciencia de estar contribuíndo a facer país. Este entusiasmo comunicáboo aos seus alumnos, ou polo menos a min, que figuraba entre eles. Aínda lembro as súas primeiras cronoloxías histórico-educativas, que nos permitían comprobar que en Galicia se celebraron congresos pedagóxicos, se editaron revistas, se publicaron libros, se reivindicou a galeguización do ensino, houbo experiencias escolares laicas, asociacións e sindicatos promovidos polo profesorado e sucederon outras moitas cousas merecedoras de seren contadas e coñecidas. Para min, que xa me iniciara nalgúns destes temas na biblioteca do Instituto Padre Sarmiento cando cursaba estudos de Dereito, estes datos que Antón nos comunicaba resultaron moi esclarecedores, e contribuíron, xunto coas clases de historia da educación do profesor Herminio Barreiro, a orientar a miña futura liña de investigación.

A traxectoria de Antón Costa como investigador compaxínase coa súa militancia nos movementos de renovación pedagóxica, dos que será un dos principais impulsores. A súa figura e a súa man foron fundamentais para crear asociacións como *Nova Escola Galega*, editar revistas como *As Roladas* ou a *Revista Galega de Educación*, organizar congresos, xornadas e encontros, elaborar informes e circulares e promover debates.

Froito das súas pescudas foron os sucesivos libros que foi publicando: *O Ensino en Galicia* (1980), editado por Luis Mariño; *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República* (1989), a súa tese de doutoramento; *Historia do ensino no Reino de Galiza (Anos 414-1483)* (1995); *A reforma*

*da educación (1900-1936)*. X. V. Viqueira e *a historia da Psicopedagogía en Galicia* (1996); *Sarmiento. Vida e obra* (2002), así como diversos libros colectivos e múltiples artigos en revistas especializadas e de divulgación. Unha parte destes traballos e datos reaparecen, con variacións, no libro que comentamos, que non obstante contén numerosas achegas inéditas, resultado das investigacións arquivísticas e bibliográficas realizadas para a ocasión.



O libro ten en Galicia —nas súas sucesivas configuracións espaciais— o seu principal foco de atención, e pretende contribuir á afirmación da súa identidade, poñendo de manifesto os proxectos e realizacións dos galegos e das galegas no ámbito educativo e cultural. Mais unha Galicia en diálogo co resto de España e de Europa, pois unha boa parte do que ocorre entre nós resulta inexplicable sen termos en conta o que acontece noutros lugares e algo do que sucede fóra das nosas fronteiri-

ras tén que ver con iniciativas que dalgunha maneira teñen as súas orixes en Galicia. De modo que, segundo o seu propio autor, o contido desta obra “permitiría afirmar, en certo modo, que é tamén unha historia da educación e da cultura europea e hispana, con Galicia dentro, ocupando un apreciable protagonismo, que corrixe textos que se presentan como historia da educación española, ou europea, estando ausentes as referencias galegas. Faise notar que mesmo naqueles capítulos e apartados que se concentran no espazo europeo ou no xeral hispano, aparecen, con algunha frecuencia, datos e referencias con singular valor erudito, ollado desde Galicia.”

O tempo histórico abranguido é moi dilatado, pois comprende dende o século IV ata practicamente a actualidade. O esforzo realizado polo autor para reconstruír a evolución dos procesos educativos e culturais en épocas tan diversas foi certamente importante e inédito na nosa historiografía educativa. Reunir nun só libro tal cantidade de información convérteo nun referente inexcusable para a historiografía galega, como sinala no limiar Xosé Ramón Barreiro Fernández.

Os temas abordados sobardan o educativo para adentrárense nas fronteiras, un tanto difusas, diso que convimos en denominar cultura. Analízanse as ideas pedagóxicas, os proxectos educativos, as institucións e as prácticas escolares e algúns dos principais ingredientes da cultura intelectual.

Ao longo das 1245 páxinas van pasando diante nosa os grandes e non tan grandes pensadores, as correntes filosóficas, relixiosas, pedagóxicas, artísticas e científicas, as escolas monásticas e catedralicias, as universidades, os seminarios e os

noviciados, as escolas de gramática, a escola primaria nas súas diversas modalidades, a evolución dos niveis de alfabetización, os institutos e os colexios das ordes relixiosas, as escolas de maxisterio e outros centros de formación técnica e profesional, mais tamén os manuscritos e os libros impresos, as lecturas, os lectores e os autores, as bibliotecas e os laboratorios, a emigración e os seus proxectos e realizacións no eido escolar ou a evolución do idioma galego e a reivindicación da galeguización do ensino.

Todo isto enmarcado no seu contexto histórico, ao que se presta unha especial atención, pois a comprensión dos fenómenos educativos e culturais, tal como nos ensinou a historia social, resulta inseparable do marco en que se insiren. Como nos di Antón Costa, o seu propósito foi “realizar unha elaboración intelectual, de carácter científico, mediante a que procuramos construír narrativamente unha visión global do pasado (unha unidade de sentido) relativa á historia educativa e cultural de Galicia, isto é, unha concreción do coñecemento histórico, a través do que se describen e explican feitos históricos (acontecementos, que acotamos), situándoos nunha trama interrelacionada de fenómenos e procesos sociais máis complexos, na que interveñen antecedentes e causas diversas e que teñen consecuencias dinámicas que poden mobilizar o cambio social.”

O libro estrutúrase en dez capítulos, que se suceden por orde cronolóxica: “O espertar cultural (séculos IV-XI)”; “Cultura escrita e educación na Baixa Idade Media europea: tradición e nova mentalidade cultural”; “Educación e cultura literaria durante a Baixa Idade Media (séculos XII-XV)”; “A Europa Moderna. Un mundo novo”; “A educación na Europa Moderna e no contexto

hispano”; “O século XVIII: un tempo europeo de crise, de rupturas e de luces”; “Sociedade e cultura na Galicia do Antigo Réxime”; “Educación e formación no tempo do Antigo Réxime”; “Sociedade e educación no século XIX”; e “Sociedade e educación no século XX”.

A obra, prologada polos profesores Xosé Ramón Barreiro Fernández e Agustín Escolano Benito, complétase cunha interesante escolma de 46 textos, unha bibliografía seleccionada e cinco índices, ademais do xeral e do sumario: analítico, de institucións educativas, de obras citadas, onomástico e toponímico.

Só me resta felicitar ao autor polo traballo realizado, no que me consta que investiu moito tempo, esforzos e ilusións. Un traballo que polo demais tivo un importante recoñecemento en forma de premios (dos Editores, Losada Diéguez e da Crítica), noticias de prensa e reseñas en revistas especializadas.

*Narciso de Gabriel*


---

**ESCOLANO BENITO, Agustín (dir.): Historia ilustrada de la escuela en España. Dos siglos de perspectiva histórica. Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, colección Biblioteca del Libro, 2006, 510 pp.**

---

No transcurso dos anos de entreséculos veu agromando, até chegar a tomar carta de natureza de maneira plena e dar froitos xa copiosos e ben sazonados, unha nova corrente no ámbito disciplinar da historia da educación que, sustentándose nas estratexias pescudadoras de raizame etnolóxica e recorrendo aos procedementos analíticos de enfoque micro-retrospectivo, centra o seu campo de indagación nun

fecundo construto que comunmente, se ben con lixeiras variacións, se veu rotulando como *cultura da escola* ou *cultura escolar*. Expresado de maneira concisa, este núcleo conceptual parte do recoñecemento de que as institucións educativas responsabilizadas de dispensar o ensino formalizado constitúen elas mesmas factorías e xacementos de creación cultural con identidade de seu e non unicamente axencias reprodutoras de realizacións que proveñen doutras instancias xeradoras externas aos establecementos académicos. Nesta órbita de tratamento, coa complexidade que lle é inherente, insírese a obra que, realizada baixo a dirección do profesor Agustín Escolano Benito, nos dispoñemos a presentar.



A finalidade da mesma, como salienta o seu director na introdución que con acerto titula “La invención de la escuela”, consiste ante todo en someter a exame en clave hermenéutica a “cultura de la intraescuela”;

e dicir en esculcar “las prácticas y los discursos en los que se han ido codificando los modos de entender, de representar y de poner en acción la educación institucional”, en claro contrapunto coa maneira de proceder da historiografía pedagóxica tradicional e aínda tamén coas directrices dalgunhas das correntes historiográficas vixentes nas últimas décadas que viñeron guiando o groso da produción investigadora dos especialistas na parcela de coñecemento á que se adscribe o traballo que agora reclama a nosa atención. De acordo con esta liña argumental, e tendo en conta o carácter colectivo do libro, preténdese compilar nel “las contribuciones hechas por distintos especialistas a la reconstrucción de las estructuras, los significados, los actores y los contenidos en que se materializa la cultura escolar a lo largo de los dos últimos siglos”(p. 14).

Como punto de partida, o profesor Escolano adiantalle ao lector –enfazando a óptica que preside a publicación– que, “la cultura de la escuela puede sin duda estar condicionada por los modos de producción y por los usos sociales, pero ella misma ha inducido, desde sus específicos condicionamientos, algunos patrones básicos de organización social” (p. 15).

En continuidade coa anterior liña argumental e referíndose aos axentes primordiais do proceso educativo, o director da obra sostén que “además de los alumnos, los profesores, como individuos y como gremio, son también formaciones sociohistóricas, es decir, construcciones culturales que se afirman en las reglas que inventan y transmiten ellos mismos como memoria y como *ethos* profesional y en la peculiar apropiación que los enseñantes prácticos hacen de las culturas científica y política, con las que lógicamente también interac-

cionan” (p.16). E ampliando o campo de cobertura deste prisma analítico, engade máis adiante: “también son creaciones de la cultura escolar las disciplinas que forman parte del currículum que las instituciones transmiten, es decir, las vulgatas en que se materializan los saberes y las formas y diplomas de acreditación que legalizan los grados académicos cursados en el interior de los sistemas pedagógicos”(17). Para concluír logo o seu discurso recalcando: “la escuela no es sólo una institución que reproduce y utiliza recursos de la civilización que la envuelve y nutre, sino también creación, cultura, invención” (17), tal e como xa adiantábase ao principio.

Unha vez feitas estas consideracións preliminares explicitase a finalidade cardinal do traballo que consiste en “desentrañar los códigos, escritos y no escritos, que rigen esta tradición, reconstruir la memoria discursiva y etnográfica del pasado de las instituciones docentes y constituir con los mimbres que forman la trama del texto una imagen interpretativa de la historia de la escuela” (17-18).

A obra aparece estruturada en dúas partes, que se corresponden coas dúas etapas do treito temporal que abranguen os seus contidos. A primeira, de longa duración, cubre a singradura do liberalismo, desde a súa irrupción nos albores do século XIX até o seu derrubamento co estalido da Guerra Civil. E a segunda, de moito máis curto percorrido, esténdese desde os escuros e regresivos anos da posguerra até a modernización que arrancando dos estertores da ditadura franquista desemboca nos nosos días. Un conxunto de dez achegas danlle cobertura a cada unha delas, sendo catorce o número total de colaboradores, todos eles docentes universitarios vinculados a algún dos trece

centros de estudos superiores españois aquí representados, o cal patentiza a pluralidade de procedencias das contribucións e nos permite xa intuír o grao de especialización que acadan os temas específicos abordados polos distintos especialistas en cada un dos capítulos que elaboran.

Os referentes examinados na primeira parte responden aos seguintes epígrafes: “La cultura de la escuela en el sistema educativo liberal” (A. Escolano), “Los espacios de la escuela y la arquitectura escolar” (A. Viñao), “Almanaques y horarios para la escuela” (A. Escolano), “El alumno como construcción pedagógica” (J. M<sup>a</sup> Hernández), “El oficio de maestro en la sociedad liberal” (J. Ruiz Berrio), “El currículo y su acreditación” (A. Terrón), “Formas de enseñar y modos de aprender en la escuela tradicional” (N. de Gabriel), “El ajuar de la escuela” (A. Costa), “La codificación de la primera manualística” (A. Escolano) e “La escuela como organización” (M<sup>a</sup> del M. del Pozo).

Pola súa banda, os núcleos de contido da segunda xiran en torno a estoutros enunciados: “Las culturas escolares en el último medio siglo” (A. Escolano), “El espacio escolar: viejas cuestiones, nuevos escenarios” (A. Viñao), “El orden del tiempo y los ritmos escolares” (M. Beas), “La infancia escolarizada: un proceso contradictorio” (M<sup>a</sup> N. Gómez), “Los enseñantes y su cultura profesional” (A. Molero), “Viejos y nuevos programas” (A. Tiana), “Tradición y renovación en los métodos de enseñanza” (C. Benso), “El utillaje escolar” (R. López), “La modernización de la manualística escolar” e “La organización de la escuela” (A. Escolano).

Como compoñente substantivo que o lector experto nestes mesteres e tamén o leigo saberán agradecer, a obra incorpora

un elenco de máis de 400 imaxes ben selectas e axeitadas, a maioría a toda cor e moitas delas exhumadas do arcazo dos inéditos. Xuntas, estas ilustracións, a carón dos pés descritivos ou interpretativos que as acompañan, veñen a conformar un fermoso e suxerente álbum gráfico-literario da memoria escolar. Este, non só complementa e adorna con grande calidade estética o corpo narrativo do traballo, senón que ademais xera un novo discurso verboicónico de carácter paratextual que posibilita unha lectura máis viva e intuitiva do propio libro. Cómpre agregar asemade que cerca de 30 persoas e entidades posibilitaron a recompilación deste fluído manancial de instantáneas, o que lle confire á publicación unha dimensión máis diversificada e participativa, que equivale a dicir máis rica.

O informe complétase cunha extensa bibliografía, xenerosamente espigada do aparato crítico no que se sustentan os diferentes traballos e outras referencias documentais útiles do ámbito histórico-educativo. Inclúese así mesmo un sempre práctico índice analítico que facilita o emprego e a consulta da publicación.

Subscribimos na súa integridade as palabras do profesor Escolano cando a piques de poñer fin ao pórtico do libro, exprésase nestes termos: “La lectura de los textos que aquí se ofrecen, escritos desde una perspectiva estrictamente historiográfica, puede favorecer, en los públicos que la lleven a cabo –y no sólo en los especialistas–, la búsqueda de las raíces de nuestra común formación o, lo que es lo mismo, el encuentro con las huellas de la memoria cultural [...]” (p.19). Pola nosa parte, temos a certeza de que esta exemplar realización científica, resultado dun esforzo a un tempo conxunto e individualizado, canda esa virtualidade da procura e


do encontro do que no pasado nos identifica, posúe cando menos outro atributo non menos importante como é o de abrir novos vieiros para recuperar no futuro memorias do mundo escolar e, en xeral, do universo educativo, que fican latentes, cando non amortecidas, mentres non chega a elas a claridade do mediodía da man do investigador. Quen antes ou despois acometa esta apaixonante tarefa, atopara na obra que aquí nos ocupa ferramentas instrumentais, modelos operativos e temáticas suxestivas para facerlle máis lixeiro e calmo o camiño.

Non poderíamos rematar este sucinto comentario sen subliñar de maneira expresa o esmero e a pulcritude con que se coidou a edición dos orixinais que chegaron ao prelo para saír á luz por medio desta obra, revestíndoa así dun apreciable valor engadido que calquera sabe estimar e moito máis aínda cantos sen ser bibliófilos de oficio nin de nación gústanos recoñecernos como entusiastas dos libros nos que a calidade dos soportes se encontra en sintonía coa dos seus contidos. Algo ao que, por fortuna, xa nos ten afeitados desde hai ben tempo a Fundación Germán Sánchez Ruipérez e do que constitúen probas fidedignas outras producións dirixidas polo propio profesor Escolano que no seu día se encargou de difundir a mesma institución. Estamos convencidos de que é unha estratexia inmillorable para axudar a dignificar no presente e proxectar cara o futuro a cultura pedagóxica do país, a cal, como é ben sabido, codifícase, fíxase e dótase de permanencia no imaxinario do porvir na mesma medida en que acaba por callar en libro.

*Vicente Peña Saavedra*

**TORRES SANTOMÉ, Jurjo., La desmotivación del profesorado. Madrid, Ed. Morata, 2006, 127 pp.**

O profesorado está desmotivado. Esta é a certeza da que parte o profesor Jurjo Torres no seu novo libro. Pero, sen embargo, desde as primeiras liñas caemos na conta que é unha certeza inestable porque o autor o que pretende, e o consegue, é que o lector ou lectora deixe cada pouco o libro e pense, reflexione, critique e disinta.



Á tese de partida chégase no penúltimo capítulo do libro, nos dous anteriores é onde se empeza a extender o fío co se van tecendo argumentacións, dúbidas, reflexións, as olladas ao pasado e ao futuro e, porque non, os nós que as veces custa tanto desfacer.



Non é este un libro voluminoso en páxinas pero si, esto é o máis importante, en ideas e reflexións, en palabras clave. Educación pública, democracia e cidadanía son as palabras que eu escollín para construír o mapa que me serviu de guía para poder seguir o fío co que o autor vai tecendo a súa obra. Escollíñas porque creo que nelas está a esencia do pensamento do autor cando escribía este libro.

Son palabras que escoitamos tantas veces que xa parece que non sabemos ben o que significan, cáil é o seu valor, cáil foi o seu pasado e porqué custa tanto, aínda hoxe, poder mantélas no noso vocabulario sen que xurdan recelos.

Iso nós pero eles e elas, moitos deles e delas, non saben o que significan porque nunca se lles dou a oportunidade sequer de nomeálas.

Falo da inmigración, dos emigrantes, dos extranxeiros que o politólogo e sociólogo Sami Naïr no seu libro *Y vendrán... Las migraciones en tiempos hostiles* (Bronce, Barcelona, 2006) define como palabras “performativas”, convertidas en prexuízo polo único feito de seren pronunciadas, froito amargo dun tempo despiadado no que se pensa que da patera á longa sombra de Bin Ladem vai só un islámico salto.

Jurjo Torres neste e en varios dos seus libros e artigos define aos inmigrantes como voces negadas e silenciadas, tanto na vida social como nas institucións educativas. Sería o que Kapuscinski denomina o “silencio da pobreza”. Un silencio que se identifica coa falta de esperanza.

Os centros educativos teñen a obriga de axudar a abrir novos camiños ás persoas que sufriron, en moitos casos, dous naufraxios: o da pobreza e o das pateras. A educación, xunto co pan e a liberdade,

debe ser a visa, o permiso, “os papeis” que eviten que unha persoa poida ser, na mesma praia, un turista bronceándose ao sol ou un cadáver devolto polo mar: “Europa no quiere noirs muertos en sus playas ¿eh? Mejor noirs muertos ici” dí nas ruas de Nuadibú un senegalés de 60 anos (El País, abril, 2006).

O profesor Torres cre que o aumento de inmigrantes é froito da globalización. Opinión que comparte Manuel Castells no seu libro: *Observatorio global. Crónicas de principio de siglo* (Libros de vanguardia, 2006) cando indica que a revolución das comunicacións produce o “efecto chamada” incluso no “continente desconectado” que é África. A imaxe dun Occidente “insultantemente” rico exerce un fenómeno de “hipnose colectiva”. A globalización, aínda que destrúe as fronteiras comerciais e naturais, prefire a circulación de bens á de persoas. Créase unha carreira de obstáculos para que só os máis aptos, nunha especie de darwinismo social e laboral, alcancen a meta.

Jurjo Torres, opina que as posibilidades de subsanar estas inxustizas e desaxustes, teñen máis ocasións de remediarse nun mundo globalizado rexido pola democracia e valores como a fraternidade e a xustiza social. As institucións educativas entran en crise nun mundo globalizado porque as súas “verdades” pónense en cuestión con máis facilidade.

No capítulo titulado: Dificultades para analizar o presente, o autor fai unha análise dalgúns dos acontecementos máis destacables no escenario social, político, cultural e económico do século XX. Destaca o recoñecemento dos Dereitos Humanos e os Dereitos dos Pobos, os avances nos dereitos das mulleres, dos nenos e nenas, e das persoas discapacitadas así como as

propostas de coeducación, de Educación Infantil, a escola inclusiva e a educación antirracista.

Como el mesmo confesa, opta por destacar o positivo aínda sendo consciente que non todas as metas de auténtica igualdade de dereitos están xa logradas. Todas estas conquistas teñen a súa repercusión no sistema educativo, aínda que o profesorado moitas veces non é consciente de cómo afectan ao seu traballo. En opinión do autor, estes avances supuxeron un paso adiante na loita polos valores da democracia. Non obstante, a caída do muro de Berlín o 9 de novembro de 1989 puxo un importante freo xa que, desde os sectores da dereita neoliberal, aproveitouse para promocionar as súas ideoloxías e facer ver ao mundo que non existían xa posibles alternativas. Neste punto aproveito para recomendar o visionado da película *Good Bye, Lenin!* Do director Wolfgang Becker, onde se reflexan os cambios nas vidas das persoas despois da caída do muro de Berlín.

A partir dese momento as ideoloxías neoliberais, utilizando os medios de comunicación de masas, van poñer todo o seu esforzo en conseguir que o consumo e o diñeiro sexan as motivacións principais na vida das persoas.

O escritor norteamericano Jonathan Franzen no libro: *La otra América. Conversaciones con 21 voces de la disidencia* (Global Rhythm Press, 2006) reflexa esta realidade: “La libertad del individuo se ahoga en el mar de la pseudoinformación, bajo el bombardeo de imágenes capaces de crear objetos de deseo, de despertar apetitos que nunca serán saciados...”

Aínda así, nese momento, o mundo era, en palabras do xa citado Manuel Castells previsiblemente razoable e razoablemente previsible ata o 11 de setembro de 2001, data que marca o verdadeiro inicio do século XXI. Nese día constrúese un novo escenario: a guerra. A partir dese momento os estados e, en maior medida, os EEUU aproveitan a guerra contra o terror e o terror da guerra para crear un control sobre a cidadanía e gañar posicións de poder sobre os outros. Este proceso de cambio é multidimensional e a súa velocidade e profundidade alteran as relacións de poder existentes tamén nos tradicionais axentes socializadores como a familia, a escola e a igrexa.

No capítulo II Jurjo Torres opina que o sistema educativo e outros servicios públicos están sufrindo as consecuencias das políticas economicistas neoliberais que propuganan a redución, cando non a desaparición, do ensino público a favor dos colexios privados e concertados nos que predominan os discursos educativos con conceptos como “calidade”, “competitividade” e “excelencia”.

A escola pública seguindo o ideal democrático debe ser como un “oasis da biodiversidade social”. Pola contra, as políticas neoliberais e, en concreto, a “liberdade de ensinanza” que propugnan están a covertela nun novo “aparthei social”. “A educación é un sistema inútil porque non fai nada polos ricos, o mesmo que a sanidade”, di Noam Chomsky no seu libro recentemente publicado: *Ambiciones Imperiales. El mundo después del 11-S* (Península, 2006).

Esta nova paisaxe histórica é vista polo profesorado con moita incertidume. Esta é a tese de partida do autor e o punto de chegada. No capítulo IV preséntanse as

dezaseis razóns que para o autor son as responsábeis da desmotivación do profesorado. De cada unha delas fai unha análise pormenorizada.

Durante a lectura deste libro fíxense moitas preguntas e cando remato dígame: E o alumnado? Tamén está desmotivado?. Eu diría que está pedindo axuda para desenvolverse nun mundo cada vez máis inhóspito e difícil para todos aqueles e aquelas que buscan un lugar que non sexa “a terra de ninguén” ou o “envés escuro deste mundo global”. Cada estudante debe ser libre de perderse ou de atoparse. E en calquer caso, de buscar as súas inestables certezas.


*Sabela Rivas Barrós*

---

**O EMILIO DE ROUSSEAU EN GALEGO**  
**ROUSSEAU, J. J., *Emilio ou da Educación*. Estudo introductorio de Herminio Barreiro. Traducción de Enrique Harguindey, Fundación BBVA e Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, Santiago de Compostela, 2006, 735 pp**

---

Chegou á madurez da infancia, viviu a vida dun rapaz; non obtivo a súa perfección a expensas da súa felicidade: polo contrario, unha complementou á outra. Ao adquirir todo o razoamento da súa idade foi todo o feliz e libre que a súa constitución lle permitía selo. Se a fatal gadaña ven segar nel a flor das nosas esperanzas non teremos que chorar a un tempo a súa vida e a súa morte, non habemos agrear as nosas dores coa lembranza das que lle teñamos causado. Habémonos dicir: “Cando menos, gozou da súa infancia, non lle fixemos perder nada do que a natureza lle dera”(libro 2º, p. 255)



Así soa en galego o que Rousseau escribira e editara en 1762. Por fin, en 2006 podemos ler en galego este memorable texto. Traducido por Henrique Harguindey, auxiliado por Maruja Barrio, e con prólogo introductorio disposto por Herminio Barreiro, apareceu editado polo Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, formando parte da prestixiosa colección universitaria “Clásicos do Pensamento Universal” (nº 8), nun volume de 746 páxinas, con encuadernación de tapa dura, con sobrecuberta en papel vexetal e incluíndo a reprodución en interiores da portada da primeira edición de Ámsterdám e o retrato realizado por Mauriel-Quentin de la Tour en 1753.

A cuidada tradución permítenos unha fermosa lectura en lingua galega, que supera mesmo por momentos ás traducións casteláns, como a de Mauro Armíño (Alianza, 1990), mentres que o prólogo (pp. 9-48), preparado por quen é entre nós o

máximo coñecedor da obra de Rousseau, isto é Herminio Barreiro, sitúa algúns dos rasgos e contextos socio-culturais claves, para a mellor comprensión e entendemento do autor, Jean Jacques Rousseau, da obra, *Émile*, e do seu contexto de escrita. Rousseau, un pensador ilustrado singular, coa obra *Émile* formulou o discurso psicopedagóxico de fundamentación dunha nova educación, abrindo con iso un roteiro, que pronto irían empedrando Pestalozzi, Froebel e tantos outros, ata chegar ao tempo decimónico e finisecular no que se abre camiño vigoroso o movemento internacional da Escola Nova.

Algúns clásicos greco-latinos, Boecio, Erasmus, Freinet, o propio Rousseau (*O contrato social*) contaban xa con algúns textos editados en galego, máis o Emilio é, sen dúbida, simbólicamente unha tradución *Major*. Recoñecemento, pois.

A.C.R.


---

**TILDEN, Freeman, *La interpretación de nuestro patrimonio*, Asociación para la Interpretación del Patrimonio, Sevilla, 2006, 176 pp.**

---

Este foi, no seu día -e xa van cincuenta anos-, o primeiro manual escrito sobre Interpretación do patrimonio. Sen embargo aínda hoxe resulta de absoluta vixencia. Nel concrétanse de xeito claro os principios, as orientacións e as técnicas de aquilo que o autor califica como “arte” de comunicar. “*La interpretación de nuestro patrimonio*” é a primeira tradución en castelán dun libro “de culto”, referencia obrigada neste ámbito científico, e xérmolo das múltiples publicacións que xurdirían ao longo destes anos.

A obra presenta unha proposta de comunicación estratéxica aplicada ao ámbito da difusión do patrimonio natural e cultural. O seu fin é converter a divulgación nun elemento chave da conservación e xestión dos recursos. Propón como ofrecer unha información veraz do lugar que se visita e de como adaptar os contidos a un público heteroxéneo, de forma que desperte a súa curiosidade polos recursos e poida establecer lazos (afectivos) por un patrimonio ata agora alleo e case sempre descoñecido. O obxectivo é non perder o carácter científico da información, facendo especial fincapé en que sexa atractiva, comprensible e interesante para quen a recibe.



Dicir isto na actualidade case resulta unha obviedade, mais a primeira persona que foi capaz de sintetizar os criterios que

viñan utilizando centos de guías durante máis de 50 anos, traballando coas persoas que visitaban os Parques Nacionais de Norteamérica, foi Freeman Tilden. Este libro supuxo, xa que logo, un importante salto cualitativo que permitiu pasar dunha práctica-profesional máis ou menos divulgada e institucionalizada á concreción dun “corpus” teórico que lle permitirá ser considerada como unha disciplina de interese científico.

Este manual, froito das investigacións do autor, non adopta a forma dun tratado denso e complexo; está escrito de forma amena e directa, con profusión de exemplos axeitados e clarificadores, resultado dun laborioso traballo de investigación (estudo de casos, entrevistas, análise de contidos...), a partir do cal, Tilden establece unha serie de principios orientadores que seguen a estar vixentes na práctica actual.

Toda a súa proposta teórica pode resumirse en seis grandes principios. Así o autor presenta a disciplina no primeiro capítulo do libro e adica os seis seguintes a abordar polo miúdo cada un dos principios. A segunda parte da obra convértese nunha guía metodolóxica para facer interpretación, sempre baseada no traballo dos profesionais.

O contexto da análise é fundamentalmente o traballo dos guías do Servizo de Parques Nacionais norteamericano, que durante máis de 5 décadas, desenvolveron o seu traballo de forma intuitiva e cun forte compromiso pola conservación do medio; máis tamén estúdase o traballo das persoas responsables de divulgar sitios de interese histórico, museos, xacigos arqueolóxicos, coleccións privadas e outros espazos de interese natural. Todos eles teñen en común a experimentación de diferentes formas de comunicarse cos visitantes, de presentar a información en paneis ou audiovi-

suais, de iluminar os espazos, de recrear a realidade, de facer maquetas e dioramas, etc. A súa parendizaxe foi un claro exemplo de ensaio-erro.

Na segunda parte do libro, Tilden é capaz de “inventar” unha teoría a través da práctica que veñen desenvolvendo as persoas que guían aos visitantes: dase conta que moitos e moitas utilizan métodos similares, froito dunha práctica crítica. Así sintetiza das aportacións individuais aquelas formas de facer similares, dándolle un “corpus teórico” e, polo tanto, presenta por primeira vez a Interpretación do Patrimonio como unha disciplina, na que presenta moitos dos recursos e metodoloxías que considera exitosas.

O libro é unha “guía didáctica” de cómo facer boa interpretación. O punto de partida é a práctica, a intuición, as reflexións dos guías: o resultado dunha serie de propostas razoadas de cómo manexar a información, de forma oral ou escrita, para que resulte relevante ás persoas que se achegan no seu tempo libre aos espazos de interese patrimonial, sin maior expectativa que pasar un rato agradable e, de paso, se non esixe moito esforzo, coñecer algo del.

Máis tamén adicalle un capítulo ao traballo con escolares, cuestionando algunhas das normas ou criterios que ata entón se viñan defendendo, e facendo propostas de adaptación dos criterios da interpretación a este singular colectivo, con características diferenciadas do resto de grupos de visitantes (normalmente estes grupos persiguen obxectivos educativos nas súas visitas).

A interpretación, para o autor, é unha estratexia para conseguir a educación permanente e continúa dos adultos: espazos de aprendizaxe fora da aula, en contacto coa realidade e máis alá da idade de esco-

larización. Trátase de experiencias gratificantes e de aprendizaxes significativas, con sectores de poboación que normalmente rexeitarían participar en actividades formativas regulamentadas. Por esta razón, dende o punto de vista social, trátase dunha interesante estratexia de acción, que fomenta a participación e o compromiso.

Dende o punto de vista do profesional, tamén hai unha aportación cualitativa de grande importancia: presenta aos interpretes non só como guías, cun traballo monótono e repetitivo, senón como verdadeiros investigadores, críticos coa súa práctica, buscadores de información multidisciplinar do seu obxecto de comunicación, capaces de afondar nas características do seu público e ir adaptando a información aos diferentes visitantes. Profesionais que van crescendo e nutríndose da reflexión sobre a súa práctica.

Recoñece como moi importantes algunhas habilidades coas que debería contar un intérprete –“a paixón necesaria, moito máis que un ingrediente” ou a “arte” de comunicar “non os nomes das cosas, senón revelando a alma das cosas”– máis, cauto, recoñece que estas habilidades ou valores son difícilmente “ensinables” o que, en certo modo levaría á trampa de pensar que ou se nace con isas virtudes ou non se pode traballar neste ámbito. No libro preséntanse uns principios básicos para realizar un bo traballo; aínda que certas habilidades non acompañen, considera viable aprender a ser un bo profesional, sen renunciar á faceta artística coa que contan moitos guías.

Mais o autor non é un mero relator de feitos; aínda que se mantén nunha postura de observador externo, presenta resultados e apreciacións de forma comprometida, emitindo xuízos de valor que nos per-

miten entender –e no seu caso compartirla súa análise e aportacións. Todo isto conségueno a través da presentación de numerosos exemplos, que resultan definitivos e moi clarificadores das ideas que expón.

En definitiva, trátase dun libro valente, onde o autor atrevese a definir e acoutar conceptos. É un texto provocador, de revisión e de introspección do propio traballo. Pode definirse como a síntese do “sentididoño”: recolle formas de traballar e prácticas ás que, de forma autónoma, chegaron moitos profesionais e ofreceas como recomendacións. A súa aportación é racionalizar, sintetizar e exponer todos esos “lugares comúns” das prácticas exitosas para presentar unha teoría. Moi recomendable para calquera persoa que estea a traballar con grupos. Ofrece unha oportunidade para mellorar os procesos de comunicación. E, aínda que teña cinco décadas, segue a ser un libro revelador e innovador.

*Araceli Serantes Pazos*

*Universidade da Coruña*


---

**DE GABRIEL, Narciso: *Ler e escribir en Galicia. A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, 2006, 405 pp.***

---

Teño nas miñas mans o coidado e minucioso libro de Narciso de Gabriel *Ler e escribir en Galicia*, un verdadeiro agasallo neste verán de 2006. O propósito da obra é analizar a evolución do nivel de alfabetización básico da sociedade galega durante o período contemporáneo. O acotamento temporal queda nidiamente reflectido no subtítulo da obra: *A alfabetización dos galegos e das galegas durante os séculos XIX e XX*. Moi axeitada a portada, polo seu valor simbólico.

Mentres me deleito na lectura para elaborar estas notas, o solpor cheira a fume. Cando aínda no se apagaron os ecos do *Prestige*, arde o monte galego. Eu non sei se entre as múltiples causas que se aventuran -de tipo natural, sociocultural, económico, técnico ou incluso político-, cadaquén porfiando en facer valer a súa, poderían acharse, na investigación que estamos a tratar, claves para entender o noso propio drama. O meu berro vai contra o divorcio, contra a fractura entre o rural e o urbano.



Narciso de Gabriel, catedrático de Teoría e Historia da Educación na Universidade da Coruña, conta no seu haber cunha ampla experiencia no tratamento destes temas. Dende que o coñecín no seu labor de orfebre, coincidindo con el nos arquivos galegos hai máis de vintecinco anos, confeccionando, artesanal e pacientemente, táboas cuantitativas sobre os procesos de alfabetización en Galicia,

tiña a seguranza de que iamos contar no futuro con ferramentas precisas da súa man para explicar a nosa realidade histórica escolar. Sen ser eu especialista nin estudoso nesta liña de investigación, como pertecente á Área de Didáctica e Organización Escolar resultame moi familiar toda esta temática, que valoro altamente.

Galicia está presente na obra de Narciso de Gabriel, dende os primeiros traballos, “Emigración e alfabetización en Galicia” (1985) ou *Agricultura e escola. Contra a rutina e o éxodo rural* (1989). Produto da súa tese de doutoramento, viría un libro fundamental, *Leer y escribir en Galicia 1875-1900* (1990), dedicado ao estudo da escola. En colaboración, publicaba no nº 1 da Revista *Sarmiento* “O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991). Aí están tamén as achegas sobre o fenómeno da Revolución Francesa, da influencia dos *rappports* nos inicios do noso sistema educativo, non só de Condorcet, senón de Talleyrand (un verdadeiro descubrimento, que pasou silandeiro, moi en consonancia co talante de N. de Gabriel), amais dos estudos sobre os xacobinos con Le Pelletier. Editou, xunto a Antonio Viñao, o importante libro colectivo de carácter metodolóxico *La investigación histórico-educativa. Tendencias actuales* (1997). En 2005 aparecía “La historiografía regional en España”. Narciso de Gabriel foi tamén un adiantado neste actual Ano da Memoria, co seu fermoso traballo sobre Arximiro Rico Trabada, “Vida e morte dun mestre republicano” (2000), que recupera do silencio a memoria do mestre nado en San Bernabé (Baleira, Lugo) vilmente asasinado na loucura da [in]civil guerra do 36. Pero é a partir de 2001, con *Escolantes e escolas de ferrado* cando comezan a chegar os premios da Crítica, Losada Diéguez e María Barbeito, así como o Concepción

Arenal, pola investigación que agora se publica. Estamos, pois, como non podía ser doutra maneira, diante dun autor e dunha obra importante.

O obxectivo deste traballo, como se di na introducción, consiste en analizar o nivel de alfabetización da sociedade galega no período contemporáneo, tomando como base principal os datos censuais, diferenciando sistematicamente os valores acadados para homes e mulleres, con grandes distancias entre eles na sociedade do seu tempo.

O libro comprende seis grandes apartados ou capítulos, ademais da bibliografía e anexo estatístico. A descrición dos cinco primeiros capítulos tórnase explicativa no sexto. No primeiro, de carácter metodolóxico, defínese o que se entende por alfabetización, revísase a súa historiografía, preséntanse fontes, problematízase o seu nivel de fiabilidade e exponse o tipo de análise á que se someten os datos. O segundo trata da evolución das taxas de alfabetización en lectura e escritura. Os valores rexistrados polas taxas netas permiten analizar o tránsito dende unha alfabetización restrinxida a outra que tende a xeneralizarse. Ofrécese, ademais, o nivel de instrución doutros grupos sociais como son os concelleiros, electores e recrutas, contrastando estes datos cos dos censos xerais de poboación.

O terceiro capítulo, se ben ofrece unha visión retrospectiva dende 1887, comprende o período 1900-1940. Por esixencia metodolóxica da análise de cohortes, restrínxese o período a estes anos. A explicación pon de manifesto a incidencia dos factores relacionados coa idade, o tempo e a cohorte no dominio da lectura e da escritura. Tense en conta tamén a influencia de variables como a mortalidade e a emigra-

ción. Ao meu modesto parecer, a análise rigurosa de cohortes, entendidas como conxunto de individuos “pertencentes a unha poboación delimitada xeograficamente ou dalgún outro modo, que experimentaron o mesmo acontecemento vital significativo dentro dun período de tempo determinado” (N.D. Glenn, *Cohort Analysis*, 1988), moi raras veces tomada en consideración na investigación sobre o dominio da lectura e da escritura, significa un dos principais valores a ter en conta nesta publicación.

O cuarto capítulo resérvase aos anos de escolarización, polo que supón a escola como principal responsable da difusión social da lectura e da escritura. Determínanse, ano a ano, as taxas de alfabetización, entre os seis e os dez anos ou por anos agrupados, as taxas de escolarización e o contraste posterior entre ambas as dúas, na procura do estudo da eficacia alfabetizadora da escola. No quinto capítulo vaise máis alá da provincia como unidade básica de análise, para adentrámonos na xeografía da alfabetización por comarcas, partidos xudiciais e municipios. O protagonismo dos cadros estatísticos anteriores dá paso agora aos mapas, magnificamente presentados, coa utilización de distintas cores, diferenciando as zonas de alfabetismo e analfabetismo.

O sexto capítulo, de carácter explicativo, pon de manifesto, en boca do propio autor, a dificultade de encontrar explicacións para a distribución xeográfica da alfabetización; mentres unhas zonas se axustan a patróns ao uso, outras apártanse abertamente deles. Fronte a estas dificultades, aspirase a ofrecer algunhas claves interpretativas. Como condicionantes da alfabetización, aparecen, claro está, cuestións referidas á institución escolar. Pero - como se afirma- habería que ir máis alá,



especificando os factores externos que condicionaron o nivel de escolarización e da alfabetización. Hai factores físicos como a orografía e as formas do asentamento da poboación no territorio (altitudes, densidade, ruralidade e dispersión). O tipo de ocupación laboral é outro dos factores, xunto coa estrutura socioeconómica e o nivel de renda. Está, ademais, o fenómeno migratorio, tan importante na Galicia finisecular e primeiros anos do século XX, máis acusado no caso dos homes. A pesar de que os datos non alcanzan nin en moito aos anteriores, habería que furgar tamén na incidencia dos factores relixiosos, como foi o caso do protestantismo en Galicia, presente nas investigacións de Benito González Raposo. Moitísimo máis importante se nos amosa o factor idiomático. Case toda a poboación rural e unha boa parte da urbana tiña como lingua propia o galego, realidade esta que a escola non tivo en consideración até datas ben recentes. Está, finalmente, o que De Gabriel engloba baixo a denominación de “entre o azar e a necesidade”, poñendo de manifesto cómo unhas circunstancias favorecen máis que outras a difusión social de lectura e da escritura, anque ningunha constituía unha condición necesaria; como nos recorda o autor, a dificultade de explicar a distribución xeográfica da alfabetización galega en virtude dunha causalidade xenérica foi xa subliñada pola historiadora Ofelia Rey Castelao. Segundo N. de Gabriel, habería que realizar estudos en profundidade sobre espazos xeográficos máis reducidos, como os municipios que ofrecen sistematicamente as máis altas e máis baixas taxas de alfabetización. Quedamos, pois, á espe-

ra de futuras aportacións do autor sobre este tema.

Ademais da Bibliografía, como Anexo Estatístico ofrécense tres substanciosos apéndices de carácter cuantitativo. No primeiro, en 30 cadros por grupos de idade, rexístrase a poboación, alfabetización e analfabetismo a nivel provincial, para Galicia e para o conxunto de España. No segundo anexo, os datos son por partidos xudiciais, entre 1860 e 1940. No terceiro van ordenados por concellos, tomando como referencia, ao igual que na meirande parte dos anteriores, os anos 1860, 1877, 1887, 1900, 1910, 1920, 1930 e 1940.

Estamos, xa que logo, diante dun traballo moi coidado, moi meticuloso, saturado de datos numéricos. Pero ademais dos números, o contido de carácter social, os datos sobre a alfabetización, a escolarización e a súa incidencia en fenómenos como a emigración, convírteno nun manual básico, un libro que abre un camiño, que senta unhas bases metodolóxicas de obrigada consulta, tanto no ámbito galego como dende unha perspectiva máis ampla. É de eloxiar nese sentido, a utilización do galego como lingua vehicular.

Permítanme, para rematar, a referencia ás circunstancias difíciles en que foi elaborado este texto. O acceso á lectura e á escritura é un momento máxico na vida dun neno. O libro vai dedicado a David Ricardo, seu fillo, “que xa sabía ler e escribir”. Grazas, Fina e Narciso, benqueridos amigos, pola vosa fortaleza e continuada lección de vida.

*Anxo Serafín Porto Ucha*